

ANPE GALICIA



Asunto: Pronunciamento oficial e urgente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a futura situación do persoal interino e substituto do corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional tras a entrada en vigor da LOMLOE.

D. JULIO DÍAZ ESCOLANTE, CON D.N.I. núm. 33858617H, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Roque 94-98, C.P 27002 LUGO, actuando na súa calidade de Presidente Autonómico e Representante Legal de ANPE

EXPOÑO:

1.- A entrada en vigor da LOMLOE o pasado día 19 de xaneiro supón a consideración do Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional como un corpo a extinguir ao implicar a integración no Corpo de Profesores de Ensino Secundario daquelas persoas que reúnan os requisitos de titulación para poder integrarse no mesmo.

2.- Esta situación xera dúbidas importantes sobre a situación do profesorado que actualmente configura as listaxes de interinidades e substitucións das diferentes especialidades do corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional máis tendo en conta a ampliación da Oferta de Emprego Público publicada no DOG do día de hoxe que vai a supor a incorporación de novos e novas aspirantes en ditas listaxes.

3.- Un recente informe asinado pola Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación o pasado 15 de xaneiro de 2021 establece ao respecto: *“En cuanto a funcionarios interinos, las bolsas de este personal son competencia exclusiva de cada administración educativa, por lo que no corresponde, en una Ley orgánica, establecer criterios o condicionantes a la ejecución de una competencia exclusiva de las Comunidades Autónoma”*; deixando, polo tanto, as decisións en mans da Comunidade Autónoma.

SOLICITO:

Que a maior brevidade posible se convoque á Comisión de Seguimento do Acordo de Interinos e á Mesa Sectorial de Educación para tratar e negociar a situación das listaxes de interinidades e substitucións das especialidades do Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional, e dos/as seus/súas integrantes, tras e entrada en vigor da LOMLOE.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021.

Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE.
PRESIDENTE ANPE GALICIA.

ILMO SR. CONSELLEIRO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.
Edificio Administrativo San Caetano S/N Santiago de Compostela. A Coruña